



## **CÓDIGO ÉTICO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

### **INTRODUCCIÓN**

O Código ético do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela é a expresión de valores compartidos e a guía de conduta común para toda a institución e para todo o colectivo humano que a sustenta, ten como referencias fundamentais a ética asistencial e a legalidade, e establece un compromiso de autoesixencia superior ao xa definido como obrigatorio, en atención ao alto valor social e individual das necesidades ás que responde a acción sanitaria, á desigualdade na que se sitúa a persoa enferma con respecto á institución, e á especial complexidade do labor dos profesionais da saúde.

Ao mesmo tempo, as accións e condutas que propón e os valores subxacentes a elas son compoñentes esenciais e inseparables da calidade asistencial.

### **VALORES E PRINCIPIOS**

#### **SOBRE A ATENCIÓN SANITARIA E A RELACIÓN ASISTENCIAL**

A misión do Complexo Hospitalario é mellorar a saúde dos pacientes, aliviar o seu sufrimento e promover a mellor calidade de vida posible no estado de enfermidade. Deberá ofrecer, con tal finalidade, a mellor asistencia sanitaria, garantir a seguridade clínica e persoal dos pacientes e facilitar unha relación entre o profesional sanitario e o paciente orientada pola cooperación e o respecto mutuo.

De xeito acorde con iso, todas as persoas que desenvolvemos o noso labor profesional no Complexo Hospitalario:

- Respectaremos e defenderemos en todas as actuacións a dignidade da persoa.
- Respectaremos a privacidade e intimidade do paciente en todas as actuacións e o seu dereito a rexeitar durante o acto asistencial a presenza de calquera persoa non imprescindible para a súa realización.

- Respectaremos a confidencialidade da información do paciente, protexeremos esta e rexistraremos da mellor forma aquela que é necesaria para a súa adecuada atención sanitaria.
- Respectaremos os valores morais e culturais dos pacientes e as súas conviccións relixiosas e filosóficas, así como o dereito a recibir asistencia relixiosa se o solicita, sen prexuízo da adecuada práctica sanitaria e do funcionamento asistencial.
- Respectaremos e satisfaremos o dereito do paciente á información sobre a súa enfermidade e o seu proceso asistencial, e tamén a que non sexa revelada sen o seu consentimento expreso ou nos supostos establecidos legalmente. O rexistro da información sanitaria sobre o paciente e a súa utilización serán rigorosos, e a súa comunicación deberá ser veraz, comprensible e adaptada ao paciente e ás súas necesidades. Será tamén obxecto de respecto o dereito do paciente a non ser informado e a coñecer os seus dereitos sanitarios e os recursos asistenciais dispoñibles.
- Respectaremos o dereito do paciente, nas condicións de autonomía e competencia decisoria establecidas legalmente, a decidir sobre as propostas que se lle realicen para o tratamento da súa enfermidade. Proporcionaremos a información necesaria sobre aquela e as súas alternativas asistenciais, as consecuencias previsibles se se implantan ou se se rexeitan os tratamentos propostos, e o carácter revogable en calquera momento da autorización que se derive da decisión que adopte. En ningún caso a súa decisión levará consigo unha modificación da nosa relación con respecto ao paciente ou o abandono do seu coidado.
- Respectaremos a vontade do paciente, manifestada de forma anticipada conforme ás esixencias previstas legalmente, sobre os coidados e tratamentos que forman parte do seu proceso asistencial no suposto de que non sexa capaz de expresalos por si mesmo como consecuencia do estado da súa enfermidade.
- Respectaremos o dereito a morrer con dignidade, considerando os desexos e decisións do paciente e actuando para aliviar os seus padecementos físicos e psíquicos e prestándolles o apoio necesario tanto ao paciente como á súa familia.
- Procuraremos a excelencia nos procesos asistenciais nos que participamos, evitámoslle ao paciente os riscos innecesarios e tentaremos reducir ao mínimo aqueles que son inevitables. A seguridade do paciente é unha das nosas principais prioridades.
- Procuraremos que a calidade de vida do paciente sexa a mellor posible a pesar da súa enfermidade. Atenderemos a dor e evitaremos o uso de técnicas e actuacións innecesarias para o tratamento do paciente. Atendendo ao respecto á dignidade da persoa, aos principios da bioética e á mellor evidencia científica, non realizaremos actuacións diagnósticas ou terapéuticas innecesarias, desproporcionadas ou que se demostrasen inútiles.
- Atenderemos a que o paciente e a súa familia poidan identificar en calquera momento do proceso asistencial os profesionais que lle prestan atención, e garantiremos que estes posúan a cualificación necesaria para o mellor desempeño da súa función.

## **SOBRE A DOCENCIA E A INVESTIGACIÓN**

Son características históricas do Complexo Hospitalario o seu compromiso coa investigación e o desenvolvemento do coñecemento científico, e a formación dos profesionais sanitarios a través da actividade docente de pregrao, especializada e continuada. Investigación e docencia teñen unha intensa relación coa actividade asistencial e han de ser unha das principais garantías de satisfacción dos máximos niveis de calidade clínica.

De xeito acorde con iso:

- Compatibilizaremos o noso deber asistencial co deber docente e investigador, de tal xeito que as actividades de formación e investigación non leven consigo un prexuízo para o paciente.
- Fomentaremos a cultura de innovación e incorporación de novo coñecemento. Manteremos o nivel de coñecementos, capacidades e habilidades profesionais adecuados ás actividades que desenvolvamos e melloraremos de forma continua as nosas competencias e o noso traballo.
- Facilitarémolle a todo o persoal , e mais en particular a quen está en proceso de formación regrada, os medios necesarios para a adquisición de actitudes, coñecementos e habilidades profesionais e humanas que lle permitan desenvolver unha adecuada actividade asistencial, docente e investigadora.
- Respectaremos no desenvolvemento das actividades investigadoras as prescricións legais e os principios éticos desenvolvidos na Declaración de Helsinki da Asociación Médica Mundial, e manifestamos a nosa adhesión as Pautas éticas internacionais para a investigación biomédica en seres humanos.

## **SOBRE A RELACIÓN INTERPROFESIONAL E DO COLECTIVO HUMANO LABORAL COA INSTITUCIÓN**

O Complexo Hospitalario é unha institución sanitaria, cunha misión social de elevado valor, cunha organización estrutural e funcional moi complexa, e cunha gran diversidade profesional e laboral. O colectivo humano que sustenta a institución é moi amplo e heteroxéneo. O coñecemento, a experiencia e a capacidade deste colectivo constitúen un dos principais valores da institución. O traballo que desempeña é difícil e non poucas veces doloroso e ingrato. A consecución dun clima laboral adecuado para avanzar cara á satisfacción da misión do Complexo Hospitalario e a protección da saúde, da capacidade e do benestar de quen nel traballa son os obxectivos principais neste eido.

De xeito acorde con iso:

- Estableceremos as relacións laborais baseándoas no respecto mutuo, na cooperación e na confianza interpersoal.
- Respectaremos a liberdade de actuación profesional no marco dos medios dispoñibles e dos estándares fixados pola comunidade científica.

- Fomentaremos o traballo en equipo e, en particular, de carácter multiprofesional cando sexa necesario, velando polo respecto interprofesional.
- Respectaremos o dereito á obxección de conciencia conforme o previsto legalmente.
- Procuraremos que as diferenzas e conflitos interpersoais, interprofesionais ou cos órganos de dirección da actividade institucional nos seus diferentes niveis se resolvan por medios que, protexendo os lexítimos dereitos que puidesen atoparse en contradición, fortalezan a institución e aproximen esta ao cumprimento da súa misión.
- Adoptaremos as medidas adecuadas cando o noso estado de saúde poida levar consigo riscos para nós mesmos ou para outros.
- Actuaremos responsablemente en caso de atoparnos ante a sospeita fundada de que un compañeiro poida sufrir enfermidade que supoña perigo para el ou outros, respectando a confidencialidade dentro das marxes establecidas.

### **SOBRE O COMPROMISO COA COMUNIDADE Á QUE PERTENCEMOS E Á QUE SERVIMOS**

O Complexo Hospitalario é integrante significativo da comunidade á que pertence. A ela se debe e con ela está implicada no seu desenvolvemento social, cultural e económico, mediante a súa contribución específica á mellora da saúde individual e comunitaria a través do traballo asistencial, a investigación e a docencia.

De xeito acorde con iso:

- Asumiremos a responsabilidade polas nosas actuacións e decisións e comprometémonos á transparencia informativa sobre o facer asistencial, docente e investigador e sobre a xestión e utilización dos recursos que nos foron proporcionados.
- Comprometémonos a unha xestión eficiente dos recursos dos que dispoñemos.
- Comprometémonos a potenciar a mellora continua na asistencia, a investigación, e a docencia promovendo a utilización de guías de práctica clínica e intervencións baseadas na evidencia científica.
- Manteremos as nosas estruturas e equipos técnicos en condicións adecuadas para a prestación dos servizos sanitarios dos que somos responsables.
- Promoveremos a cooperación e coordinación con outras institucións e organismos sociais cos que compartimos obxectivos comúns e, máis en particular, cos outros niveis e dispositivos asistenciais sanitarios e sociosanitarios.
- Comprometémonos, de xeito acorde co principio ético de xustiza distributiva, coa defensa da equidade na distribución e acceso aos recursos sanitarios, sen aceptar máis diferenciación entre cidadáns con respecto á súa dispoñibilidade que a que se derive das necesidades propias do seu estado de saúde.
- Comprometémonos coas institucións responsables da acción e cooperación para o desenvolvemento sanitario dos países máis desfavorecidos a contribuír aos seus obxectivos conforme as nosas posibilidades.

- Comprometémonos ao respecto e coidado do noso contorno e do medio no desenvolvemento da nosa actividade.
- 

#### **DOCUMENTOS DE REFERENCIA**

- Plan Avante 2012. Plan estratéxico do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.
  - Plan de calidade do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.
  - Política de calidade de investigación do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.
  - Manual de estándares de acreditación de hospitais da Joint Commission International.
  - Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica.
  - Lei 14/2007, do 3 de xullo, de investigación biomédica.
  - Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
  - Declaración de Helsinki. Asociación Médica Mundial.
  - Pautas éticas internacionais para a investigación biomédica en seres humanos. Consello de Organizacións Internacionais das Ciencias Médicas e Organización Mundial da Saúde.
  - Código deontolóxico de enfermería.
  - Código de ética e deontoloxía médica.
  - Código deontolóxico do psicólogo.
  - Código deontolóxico da profesión de diplomado en Traballo Social.
-